Federación de Servizos á Cidadanía

Sección Sindical
Deputación da Coruña
ccoo@dacoruna.gal
dacoruna.gal/intranet/sindicatos/ccoo

CCOO LIDERARÁ UNHA VEZ MÁIS O DIALOGO SOCIAL AO REPETIR COMO SINDICATO MAIORITARIO, NESTA OCASIÓN CUN 55% MÁIS DE APOIOS QUE A SEGUNDA FORZA

**CCOO INICIA UN PROCESO DE DIALOGO COA INTENCIÓN DE ACADAR UNIDADE DE ACCIÓN SINDICAL NESTE MANDATO E CONSTITUÍR A XUNTA DE PERSOAL**

QUEREMOS SUBLIÑAR A ELEVADÍSIMA PARTICIPACIÓN QUE OUTORGA MAIOR FORZA A REPRESENTATIVIDADE SINDICAL E FELICITAR NOVAMENTE A CIG, CSIF E UXT

Os resultados das eleccións sindicais do persoal funcionario da Deputación da Coruña son definitivos dende o 13 de xullo, unha vez rematado o prazo de impugnacións. Despois de transcorrido este tempo que permitiu repousar as ideas e facer unha reflexión de conxunto no seo dos órganos de decisión da nosa sección sindical, queremos transmitirvos as conclusións ás que chegamos na nosa análise.

**CCOO liderará unha vez máis o dialogo social ao repetir como sindicato maioritario, nesta ocasión cun 55% máis de apoios que a segunda forza**. Con todo, a pesar desa realidade, non queremos pecar de triunfalismo, e temos que recoñecer que non se cumpriron as nosas expectativas que estaban en 8 representantes, aínda que fose só por un par de votos.

Entendemos que toca seguir traballando duro, se cabe con maior empeño, para conseguir mellores logros para vós, e para que unha maioría aínda máis ampla convénzase de que a nosa forma de facer sindicalismo transversal e pragmático é a que mellores resultados obtén para os traballadores e traballadoras da Deputación.

No conxunto dos procesos electorais de persoal funcionario e laboral CCOO tamén foi, por ampla diferenza, o sindicato máis apoiado por vós, a pesar de non presentarnos no ámbito do persoal laboral, circunstancia que nos penalizou dado que a repartición final non se corresponde con esa ampla maioría:

| | P. Funcionario | P. Laboral | Total | Representantes |
|---|---|---|---|---|
| **CCOO** | 216 | - | **216** | **7** |
| **CIG** | 139 | 14 | **153** | **5+3** |
| **CSIF** | 135 | - | **135** | **5** |
| **UGT** | 104 | - | **104** | **4** |

**CCOO inicia un proceso de dialogo coa intención de acadar unidade de acción sindical neste mandato e constituír a Xunta de Persoal.** Unha vez rematada a campaña electoral e o anterior mandato, ábrese un novo período no que cumpre mirar cara adiante, así como esquecer rifas pasadas. Temos a firme intención de traballar duro para conseguir o máximo consenso sindical posible que facilite a obtención dos maiores logros que redunden na mellora das condicións laborais de todas e todos.

**Queremos subliñar a elevadísima participación que outorga maior forza a representatividade sindical e felicitar novamente a CIG, CSIF E UXT.** Non cabe dubida de que se trata dun mérito exclusivamente do persoal que se produzo a pesar dos erros que puidésemos cometer as organizacións participantes no proceso.

Felicitamos ao CSIF por ser a organización con maior incremento de representantes pasando de 1 (Juan Saez Chas) a 5; ademais de Jacinto Pampín que indo en postos de saída non o conseguiu nas anteriores eleccións (foi representante durante o 2015-2019), tamén saíron elixidos Rosa Torre, Belen Souto, Jesús Martínez Loira e María Rosón.

Parabéns á CIG por incrementar nun representante e pasar a ser a segunda forza con máis apoios. Queremos felicitar expresamente a Juan Carlos Pedreira pola súa nova condición de representante, así como aos que continúan, Alberto Cadaveira, Noemí Prados, Roberto Vidal e Yurena Cano.

UXT, tal vez, foi o sindicato que peor parado saíu no resultado das eleccións a pesar do seu bo traballo durante o anterior mandato durante a negociación, ao contribuír a obter, xunto ao traballo de CCOO, melloras considerables para a maioría do persoal. Saudamos aos seus representantes electos; Fernando Martínez Parapar, M.ª José López Vázquez, Rosa Vázquez e María Dono.

Especial agradecemento a todas as persoas que formaron parte da nosa candidatura. Achegamos a relación dos representantes de CCOO e as súas formas de contacto. Non dubidedes en dirixirte a calquera de nós se tes dúbidas, suxestións ou reclamacións:

| Representante | Teléfono | Correo electrónico |
|---|---|---|
| Cesar Santiso Carro | 604059986 | cesar.santiso@dacoruna.gal |
| Eugenia Varela Barrios | Ext. 1749 | eugenia.varela@dacoruna.gal |
| Álvaro Trillo Cayón | 638613013 | alvaro.trillo@dacoruna.gal |
| Patricia de la Fuente Martínez | Ext. 1182 | patricia.delafuente@dacoruna.gal |
| Carlos Grandal Sanesteban | Ext. 1517 | carlos.grandal@dacoruna.gal |
| Raquel Galindo Checa | Ext. 1432 | raquel.galindo@dacoruna.gal |
| Rolando Breijo Pedrido | Ext. 1233 | rolando.breijo@dacoruna.gal |

**A sección sindical de CCOO agradece a confianza depositada. O grande apoio recibido por parte do persoal non fai máis que reafirmar o noso compromiso de promover un sindicalismo global e dialogante co fin de acadar un entorno laboral xusto e equitativo para todas e todos.**